

PROCEDEMENTO: CT404D – Subvenciones para a comercialización e difusión de proxectos e obras audiovisuais e videoxogos en foros de negocio especializado e eventos de cine

ASUNTO: Resolución de concesión de axuda. Quinta Quenda.

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

1. En data 5 de febreiro de 2025, DOG núm. 24, publicouse a Resolución do 10 de xaneiro de 2025 pola que se aproban as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrancia non competitiva, para a comercialización e difusión de proxectos e obras audiovisuais e videoxogos en foros de negocio especializados e eventos de cine, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento CT404D).

2. O artigo 1.6 das bases reguladoras da convocatoria sinala que *"O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrancia non competitiva, por orde de entrada das solicitudes, ata o esgotamento do crédito orzamentario, de acordo co establecido nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A data de entrada que se considerará para establecer a orde de prelación será a correspondente á última documentación que permita completar a solicitude"*.

3. O artigo 7 das bases da convocatoria establece que *"o prazo para a presentación das solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, permanecerá aberto como mínimo ata o esgotamento do crédito ou, na súa falta, ata o 3 de novembro de 2025, e deberase presentar unha solicitude para cada evento"*. Esta circunstancia implica que, para unha xestión eficaz e eficiente do procedemento, é necesario a resolución de solicitudes de xeito sucesivo co obxecto de que as persoas solicitantes que sexan beneficiarias poidan desenvolver o proxecto obxecto da subvención.

4. Dende a resolución de concesión da subvención da cuarta quenda, en data 22 de outubro de



2025, ata o día 3 de novembro de 2025, recibíronse quince solicitudes relacionadas no Anexo I, nas modalidades que se expresan, procedéndose ao seu estudo, xunto coa documentación complementaria presentada e se realizándose os pertinentes requirimentos, de ser o caso.

5 O director da Axencia Galega das Industrias Culturais, propón como órgano instrutor do procedemento de concesión de subvencións, a relación de solicitudes admitidas por ter completado o expediente, que se relacionan no **Anexo II**.

4. A Resolución do 10 de xaneiro de 2025, no artigo 3 das bases reguladoras establece que as axudas se financiarán con cargo aos créditos orzamentarios da Axencia Galega das Industrias Culturais asignados para esta finalidade no orzamento de 2025 do ente, a través da aplicación orzamentaria 2025.13.A1.432B.470.0, código de proxecto 2015-00003.

5. O día 11 de novembro de 2025, o Director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) tras a instrución do expediente, emite a proposta de resolución de concesión de axuda, que reflicte as entidades propostas para ser subvencionadas co importe proposto, asignado a cada unha delas e a distribución anual correspondente, tal e como se recolle no **Anexo III** e elévaa á Presidencia da Agadic.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS.

1. O artigo 13.1 das bases reguladoras da convocatoria sinala que *"na concesión das subvencións seguirase un procedemento abreviado en que o informe e a proposta de resolución serán efectuados por un único acto pola Dirección da Axencia, elevándoos á Presidencia da Agadic para a súa aprobación posterior, consonte o procedemento previsto nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As solicitudes de subvención examinaranse e serán outorgadas sempre que cumpran os requisitos esixidos nesta convocatoria por orde cronolóxica, tendo en conta a data de entrada no rexistro."*

2. O artigo 13.2 das bases reguladoras establece que *"Ao se tratar dunha convocatoria aberta que dispón do crédito vixente en actos sucesivos de adxudicación, a Agadic publicará no DOG o esgotamento da partida orzamentaria asignada, así como a non admisión de ulteriores solicitudes destinadas a participar dos tipos de subvención indicados. Desde o momento en que se esgote o*



crédito orzamentario non serán outorgadas novas subvencións, sen prexuízo do cumprimento do disposto no artigo 31.4 da Lei de subvencións de Galicia"

3. O artigo 14.2 das bases reguladoras da convocatoria sinala que *"A Presidencia do Consello Reitor de Agadic, por delegación do Consello Reitor, deberá ditar resolución expresa no prazo de 15 días desde a data de elevación da proposta de resolución"*.

4. A distribución dos créditos entre as persoas susceptibles de ser beneficiarias realízase en base ao crédito xeral dispoñible, á intensidade dos límites sinalados no artigo 4 das bases da convocatoria e ao importe solicitado polos interesados.

5. As solicitudes que se relacionan no Anexo III, son propostas para acadar a subvención polo importe que se indica. Esta proposta implica o esgotamento de crédito asignado ás modalidades A e B, polo que as solicitudes que non acadan subvención por esgotamento de crédito orzamentario na modalidade son propostas para ser desestimadas as cales se relacionan no Anexo IV.

Examinada a proposta de resolución, e de conformidade con ela,

RESOLVO

1. Admitir as solicitudes que se relacionan no **Anexo II** por cumprir todos os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para ser subvencionados.

2. Conceder a subvención, polos importes que se expresan, ás entidades solicitantes que se relacionan no **Anexo III**.

3. Propoñer para ser desestimadas, por esgotamento do crédito orzamentario nas modalidades A e B, as solicitudes que se relacionan no **Anexo IV**

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e contra dela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:



a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes, se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se tivera producido o acto presunto. Transcorrido o dito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso- Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Notifíquese á resolución as entidade interesadas, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Presidente do Consello Reitor da Agadic

José Carlos López Campos



ANEXO I

RELACIÓN DE SOLICITUDES RECIBIDAS

Nº Exp	Mod	Beneficiario	CIF/NIF	Proxecto
2025CD/065	A	Gaitafilmes, SL	B27450121	The Industry Club-Festival de San Sebastián 2025
2025CD/066	A	Zeitun Films, SL	B70237581	American Film Market 2025-(EUA)
2025CD/067	B	Vaca Films Studio, SLU	B15870561	Seminci-Semana Internacional de Cine de Valladolid
2025CD/068	B	Vaca Films Studio, SLU	B15870561	Sevilla Festival de Cine Europeo
2025CD/069	A	Ricardo Iglesias López	**6867***	Sunny Side of the Doc- La Rochelle 2025
2025CD/070	A	Visioners Entertainment, SL	B70551874	European Film Market (Berlinale)
2025CD/071	A	Deprip Games, SL	B75557249	Bilbao International Game Conference
2025CD/072	B	María y Arnold AIE	V44745123	London Film Festival
2025CD/073	B	María y Arnold AIE	V44745123	Sitges-Festival Internacional de Cine Fantástico de Catalunya
2025CD/074	A	Big Rights, SL	B62950886	TMIPCOM Cannes
2025CD/075	A	Ficción Producciones, SL	B15875958	MIPCOM Cannes
2025CD/076	B	Sintagma Films, SL	B87174728	Festival Internacional de Cine de San Sebastián (Perlas)
2025CD/077	B	Sintagma Films, SL	B87174728	Festival de Cannes (Semaine de la Critique)
2025CD/078	A	Serea Produccións, SL	B10860708	European Film Market-Berlín
2025CD/079	A	Serea Produccións, SL	B10860708	SSIFF-Mercado Festival de Donosti



ANEXO II

RELACIÓN DE SOLICITUDES ADMITIDAS POR TER COMPLETADO O EXPEDIENTE

Nº Exp	Mod	Beneficiario	CIF/NIF	Proxecto
2025CD/065	A	Gaitafilmes, SL	B27450121	The Industry Club-Festival de San Sebastián 2025
2025CD/066	A	Zeitun Films, SL	B70237581	American Film Market 2025-(EUA)
2025CD/067	B	Vaca Films Studio, SLU	B15870561	Seminci-Semana Internacional de Cine de Valladolid
2025CD/068	B	Vaca Films Studio, SLU	B15870561	Sevilla Festival de Cine Europeo
2025CD/069	A	Ricardo Iglesias López	**6867***	Sunny Side of the Doc- La Rochelle 2025
2025CD/071	A	Deprip Games, SL	B75557249	Bilbao International Game Conference
2025CD/072	B	María y Arnold AIE	V44745123	London Film Festival
2025CD/073	B	María y Arnold AIE	V44745123	Sitges-Festival Internacional de Cine Fantástico de Catalunya
2025CD/074	A	Big Rights, SL	B62950886	TMIPCOM Cannes
2025CD/075	A	Ficción Producciones, SL	B15875958	MIPCOM Cannes
2025CD/076	B	Sintagma Films, SL	B87174728	Festival Internacional de Cine de San Sebastián (Perlas)
2025CD/077	B	Sintagma Films, SL	B87174728	Festival de Cannes (Semaine de la Critique)
2025CD/078	A	Serea Producións, SL	B10860708	European Film Market-Berlín
2025CD/079	A	Serea Producións, SL	B10860708	SSIFF-Mercado Festival de Donosti



ANEXO III

RELACIÓN DAS PERSOAS SUBVENCIONADAS E IMPORTE CONCEDIDO

Nº Exp	Mod	Beneficiario	CIF/NIF	Proxecto	Foro/Evento	Importe Concedido
2025CD/065	A	Gaitafilmes, SL	B27450121	The Industry Club-Festival de San Sebastián 2025	The Industry Club-Festival de San Sebastián 2025	221,56 €
2025CD/072	B	María y Arnold AIE	V44745123	London Film Festival	London Film Festival	2.000 €
2025CD/073	B	María y Arnold AIE	V44745123	Sitges-Festival Internacional de Cine Fantástico de Catalunya	Sitges-Festival Internacional de Cine Fantástico de Catalunya	2.500 €
2025CD/076	B	Sintagma Films, SL	B87174728	Festival Internacional de Cine de San Sebastián (Perlas)	Festival Internacional de Cine de San Sebastián (Perlas)	1.500 €
2025CD/077	B	Sintagma Films, SL	B87174728	Festival de Cannes (Semaine de la Critique)	Festival de Cannes (Semaine de la Critique)	1.860 €
2025CD/067	B	Vaca Films Studio, SLU	B15870561	Seminci-Semana Internacional de Cine de Valladolid	Seminci-Semana Internacional de Cine de Valladolid	252,50 €



ANEXO IV

SOLICITUDES PROPOSTAS PARA SER DESESTIMADAS POR ESGOTAMIENTO DE CRÉDITO NAS MODALIDADES A E B

Nº Exp	Mod	Beneficiario	CIF/NIF	Proxecto
2025CD/066	A	Zeitun Films, SL	B70237581	American Film Market 2025-(EUA)
2025CD/068	B	Vaca Films Studio, SLU	B15870561	Sevilla Festival de Cine Europeo
2025CD/069	A	Ricardo Iglesias López	**6867***	Sunny Side of the Doc- La Rochelle 2025
2025CD/070	A	Visioners Entertainment, SL	B70551874	European Film Market (Berlinale)
2025CD/071	A	Deprip Games, SL	B75557249	Bilbao International Game Conference
2025CD/074	A	Big Rights, SL	B62950886	TMIPCOM Cannes
2025CD/075	A	Ficción Producciones, SL	B15875958	MIPCOM Cannes
2025CD/078	A	Serea Producións, SL	B10860708	European Film Market-Berlín
2025CD/079	A	Serea Producións, SL	B10860708	SSIFF-Mercado Festival de Donosti

